

ISABEL GARCÍA-RODEJA GAYOSO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día vinte e sete de maio de dous mil dez, aprobou o Regulamento de Réxime Interno do Instituto de Ciencias da Educación, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a un de xuño de dous mil dez, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor
(P.D. 27 de maio de 2010)
A vicerreitora de Investigación e Innovación

M^a José Alonso Fernández



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO INSTITUTO DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Título Preliminar

Artigo 1. O *Instituto de Ciencias da Educación* constitúese en instituto propio da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante ICE) como un centro de investigación, formación, asesoramento, especialización, aplicación e divulgación no eido educativo.

Artigo 2.

1. O Instituto está integrado como Instituto propio na Universidade de Santiago de Compostela e depende orgánicamente do Consello de Goberno da Universidade.

2. Sen prexuízo da aplicación das normas xerais de carácter administrativo, o ICE rexeráse por:

- a) As Leis Orgánicas 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e a 4/2007, do 12 de abril, e as súas disposicións regulamentarias.
- b) Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
- c) O presente Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 3. Son fins do Instituto:

- a) Promover, impulsar e desenvolver a investigación en Ciencias da Educación con especial atención á realidade educativa en Galicia.
- b) Realizar actividades formativas relacionadas coa innovación e investigación educativa, tarefas de avaliación, cursos monográficos ou de especialización ou posgrao, impartir conferencias e organizar seminarios, congresos, xornadas, premios, etc. dentro do marco xeral das accións formativas e investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela.
- c) Publicar e difundir os resultados das investigacións realizadas, e publicar traballos de divulgación.
- d) Prestar asesoramento técnico no marco das súas competencias.

Artigo 4. O ICE poderá ter infraestruturas propias e asignacións económicas específicas nos orzamentos da Universidade, e se poderáselle asignar persoal de administración e servizos.

Título Primeiro: Da Organización

Artigo 5. O Instituto de Ciencias da Educación estará rexido por:

- a) A Xunta de Goberno.
- b) O Consello Científico.
- c) O Director/a.
- d) O Secretario/a.

Artigo 6.

1. A Xunta de Goberno estará composta por:

- a) O Reitor/a da Universidade, ou Vicerreitor/a en quen delegue, que presidirá e convocará.
- b) O Director/a do Instituto.
- c) Tres membros do Consello Científico do Instituto, en posesión do título de Doutor/a, que serán designados/as polo mesmo de entre os seus vogais.

- d) No seu caso, ata un máximo de dous representantes de institucións públicas ou privadas que contribúan de maneira substancial e estable ao financiamento ou á actividade investigadora do Instituto propostos pola Xunta de Goberno.
 - e) O Secretario/a do Instituto, que o será tamén da Xunta de Goberno.
2. Os membros universitarios deberán constituír sempre a maioría da Xunta de Goberno.
3. A Xunta de Goberno reunirse en sesión ordinaria cando menos unha vez cada curso académico, e, en sesión extraordinaria, á iniciativa do seu Presidente/a, do Director/a do Instituto ou da maioría dos seus membros.
4. As reunións celebraranse na sede do Instituto agás no caso de que, por razón xustificada, o/a convocante da reunión acorde un lugar diferente. A convocatoria, que deberá incluír a Orde do día, remitirase a tódolos membros da Xunta con 48 horas de antelación por correo ordinario ou ben por correo electrónico, no caso de que tal modalidade figure autorizada previamente polos convocados.
5. Para a validez da constitución da Xunta de Goberno é necesaria a presenza do Presidente/a e do Secretario/a, ou no seu caso da persoa na que recaia a delegación, e polo menos a metade dos seus membros deberán estar presentes na primeira convocatoria. Na segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, abundará coa presenza do Presidente/a e do Secretario/a máis un terzo dos membros.
6. Os acordos poderanse tomar por maioría simple dos membros presentes mediante votación a man alzada ou mediante votación secreta, sempre que así o solicite algún dos membros presentes na sesión da Xunta de Goberno, ou por asentimento.
7. As actas das reunións, que se aprobarán na seguinte sesión, estarán depositadas na Secretaría do ICE e quedan a disposición de tódolos membros da Xunta de Goberno para a súa consulta dúas semanas despois da celebración da reunión. De tódolos xeitos, poderanse expedir certificacións dos acordos adoptados aínda que non estea aprobada a acta correspondente, facendo constar esta circunstancia na certificación.

Artigo 7. Serán funcións da Xunta de Goberno:

- a) A proposta do Consello Científico, elixir ao Director/a do Instituto e propoñer o seu nomeamento ao Reitor/a e, no seu caso, a súa remoción mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros.
- b) Propoñer o orzamento e a programación do Instituto ao Consello de Goberno da Universidade.
- c) Aprobar as memorias anuais de actividades económicas do Instituto.
- d) Promover o financiamento e a dotación do ICE.
- e) Informar sobre os contratos do Instituto ou dos seus membros, previa avaliación polo Consello Científico, para o seu sometemento ao Consello de Goberno da Universidade.
- f) Propoñer ao Consello de Goberno da Universidade a incorporación á Xunta de Goberno do Instituto de novos membros en representación da comunidade universitaria ou doutras institucións públicas ou privadas.
- g) Propoñer ao Consello de Goberno da Universidade a modificación do Regulamento de Réxime Interno do Instituto.
- h) Aqueloutras que establezan normas superiores en desenvolvemento dos Estatutos da USC.

Artigo 8.

1. O Consello Científico estará composto por:

- a) O Director/a do Instituto, que o presidirá e convocará.
 - b) O Secretario/a do Instituto, que o será tamén do Consello Científico.
 - c) Nove vocais, elixidos de entre os membros do ICE.
2. O Consello Científico reunirse polo menos unha vez cada semestre.
3. As reunións celebraranse na sede do ICE, agás no caso de que, por razón xustificada, o/a convocante da reunión acorde un lugar diferente. A convocatoria, que deberá incluír a Orde do día, remitirase a tódolos membros da Xunta con 48 horas de antelación por correo ordinario ou ben por correo electrónico, no caso de que tal modalidade figure autorizada previamente polos convocados.
4. Para a validez da constitución do Consello Científico é necesaria a presenza do seu Director/a e do Secretario/a, ou no seu caso da persoa na que recaia a delegación, e polo menos a metade dos seus membros terán que estar presentes na primeira convocatoria. Na segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, abondará coa presenza do Director/a e do Secretario/a máis un terzo dos membros.
5. Os acordos poderanse tomar por maioría simple dos membros presentes mediante votación a man alzada ou mediante votación secreta, sempre que así o solicite algún dos membros presentes na sesión do Consello Científico, ou por asentimento.
6. As actas das reunións, que se aprobaran na seguinte sesión, estarán depositadas na Secretaría do ICE e quedan a disposición de tódolos membros do Consello Científico para a súa consulta dúas semanas despois da celebración da reunión. De tódolos xeitos, poderanse expedir certificacións dos acordos adoptados aínda que non estea aprobada a acta correspondente, facendo constar esta circunstancia na certificación.

Artigo 9. Son funcións do Consello Científico:

- a) Propoñer ao Consello de Goberno o nomeamento do Director/a do ICE e o seu cesamento.
- b) Programar as actividades científicas e velar pola súa realización.
- c) Aprobar o ingreso de novos membros do persoal científico do Instituto e o seu cesamento.
- d) Informar sobre as propostas de programación, os orzamentos e a memoria económica e de actividades do Instituto.
- e) Avaliar os aspectos científicos dos contratos do Instituto ou dos seus membros, para o seu sometemento ao Consello de Goberno.

Artigo 10.

1. O Director/a do ICE será un membro do mesmo, profesor doutor con vinculación permanente a Universidade de Santiago de Compostela, en activo, e dedicación a tempo completo na USC e con obra publicada nalgún dos ámbitos das Ciencias da Educación. Ocupará a representación do Instituto e exercerá as funcións de dirección e xestión ordinaria.
2. O Director/a será elixido polo Consello de Goberno, a proposta do Consello Científico, e nomeado polo Reitor/a.
3. O seu mandato será de catro anos e poderá ser reelixido.
4. En caso de ausencia ou enfermidade, o Director/a será substituído, con carácter accidental, e para actos de trámite, polo Secretario/a do Instituto. Tanto para a súa elección como para o seu cese aplicarase a normativa en vigor para os Directores/as de Departamentos e Institutos Universitarios da USC.

Artigo 11. Corresponde ao Director/a:

- a) Convocar e presidir as reunións do Consello Científico, executar os seus acordos e representalo ante o Consello de Goberno.
- b) Representar ao Instituto no ámbito das súas competencias.
- c) Elaborar as propostas de programación e o orzamento do Instituto.
- d) Redactar a memoria de actividades e a memoria económica.
- e) Propoñer ao Secretario/a do Instituto.
- f) Dirixir e coordinar as actividades do Instituto de acordo coas directrices do Consello Científico.
- g) Autorizar os gastos dentro do orzamento anual.

Artigo 12. O Secretario/a será nomeado polo Reitor/a, a proposta do Director/a, entre o persoal científico do Instituto que reúna os requisitos establecidos no artigo 72 dos Estatutos da USC.

Artigo 13. Son funcións do Secretario/a:

- a) Redactar as actas das sesións do Consello de Goberno e do Consello Científico.
- b) Custodiar os arquivos e a documentación do Instituto.
- c) Expedir as certificacións no ámbito das súas competencias.
- d) Supervisar o labor do persoal de administración e servizos.
- e) Auxiliar ao Director/a nas súas funcións.

Título Segundo: Do Persoal

Artigo 14.

1. O persoal científico do Instituto estará integrado por:

- a) Profesores/as e investigadores/as da Universidade de Santiago de Compostela que realicen investigación en ámbitos das Ciencias da Educación.
- b) No seu caso, por persoal investigador contratado especificamente para programas de investigación.
- c) Persoal en período de formación investigadora.

2. Poderán pertencer tamén ao persoal científico do Instituto, en calidade de investigadores/as colaboradores, membros doutras Universidades ou persoas alleas á comunidade universitaria que, sen vinculación contractual, colaboren asiduamente nalgún proxecto ou programa do Instituto.

3. O profesorado universitario integrado no Instituto manterá as súas obrigas docentes na Universidade en Graos e Posgraos. A súa dedicación ao Instituto afectará tan só á súa xornada investigadora, sen prexuízo da posibilidade de dispensar actividades formativas ou de especialización no Instituto.

4. Os profesores/as axudantes e bolseiros que soliciten o ingreso no instituto deberán contar coa autorización previa do seu departamento para desenvolver no instituto a totalidade ou parte da súa xornada investigadora. No caso de que o departamento lle denegue a autorización o interesado poderá recorrer este acordo perante a Xunta de Goberno. A solicitude de ingreso se fará mediante escrito dirixido o director do ICE

5. O Instituto poderá ter persoal de administración e servizos, que lle será adscrito polo Reitorado da Universidade como un máis dos destinos posibles dentro da Universidade.

6. A relación individualizada e nominal dos integrantes do persoal científico do ICE enviarase á Vicerreitoría de Investigación e Innovación unha vez aprobado este Regulamento.

Título Terceiro: Do Réxime Económico

Artigo 15.

1. O Instituto terá o seu propio orzamento de ingresos e gastos, que será elaborado, aprobado e executado de acordo co establecido neste Regulamento.
2. O orzamento do Instituto estará integrado nos orzamentos xerais da Universidade e será xestionado de acordo coas normas xerais orzamentarias que lle sexan aplicables.

Artigo 16. Son ingresos do Instituto:

- a) As cantidades que se adscriban ao Instituto nos Orzamentos xerais da Universidade.
- b) As cantidades que se puideran recibir para a realización de proxectos de investigación.
- c) Os beneficios que puideran existir pola realización de actividades investigadoras, actividades formativas, actividades de asesoramento ou pola venda de publicacións.
- d) As donacións lucrativas outorgadas por entidades públicas ou privadas e persoas físicas.

Artigo 17.

1. O Instituto, e o seu persoal científico a través del, poderán contratar con entidades públicas e privadas e con persoas físicas a realización de traballos de carácter científico, técnico ou de asesoramento, así como o desenvolvemento de cursos de especialización, nas condicións establecidas nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e demais normativa aplicable.
2. Os bens inventariables que adquira ou reciba por doazón o Instituto, ou os seus investigadores/as para o cumprimento deses contratos, serán propiedade da Universidade de Santiago de Compostela e estarán adscritos totalmente ao cumprimento dos fins do Instituto.

Artigo 18. O Reitor/a, no nome do ICE, poderá subscribir convenios con entidades públicas ou privadas, tanto españolas como estranxeiras.

Título Cuarto: Do Réxime Académico

Artigo 19. O Instituto poderá organizar, con cargo ao seu orzamento, calquera actividade científica ou formativa no ámbito da educación, sempre en consonancia cos seus fins, recollidos no artigo 3 deste Regulamento.

Artigo 20. O Instituto poderá outorgar diplomas acreditativos das actividades científicas ou formativas realizadas no mesmo.

Disposicións Transitorias

Primeira. Unha vez aprobado polo Consello de Goberno da Universidade o presente Regulamento, o Reitor/a nomeará un Director/a en funcións entre os membros do Instituto que cumpran as condicións establecidas no artigo 10.1, quen cesará como tal ao se cumprir as previsións regulamentarias sobre constitución dos órganos ordinarios de goberno do Instituto.

Segunda. O ICE terá inicialmente a súa sede na Avda. das Ciencias, Chalé nº 3, s/n, Campus Sur, da Universidade de Santiago de Compostela, e contará coas infraestruturas e medios técnicos que a mesma poña a súa disposición.

Terceira. Son membros do Instituto, no momento actual, os relacionados no Anexo do presente Regulamento.

Disposicións Finais

Primeira. Corresponderá ao Consello de Goberno da Universidade a facultade de interpretar o presente Regulamento e ditar, no ámbito das súas competencias, as normas aclaratorias que sexan pertinentes.

Segunda. O presente Regulamento poderá ser modificado a iniciativa da Xunta de Goberno do Instituto, mediante acordo do Consello de Goberno da Universidade.